



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2021 13:43:46

**SAIDA 10504/21**



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 35/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED], mediante escrito do 18 de abril de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 8 de abril de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de obtención de copia de toda a documentación relativa ao expediente do proxecto eólico denominado "Pena do Pico", promovido por Greenalia no concello de Becerreá, para a colocación dunha torre meteorolóxica e 9 aeroxeradores.

A reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

En resumo indica que con data do 2 de febreiro de 2021 se lle notificou que se lle daba traslado da solicitude de información á empresa titular do parque eólico ao incorrer, nos supostos recollidos no artigo 19.3 da Lei 19/2013 por canto a mesma pode afectar a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados, coa concesión dun prazo de quince días e da suspensión do prazo para ditar resolución. Transcorrido o dito prazo non se ditou resolución nin se comunicou a [REDACTED] a existencia de alegacións por parte da promotora, nin se remitiu a copia do expediente requirida.

Con data do 4 de marzo de 2021, volveuse a requirir o acceso a dito expediente e a resolución favorable da petición, sen ter resposta. Este feito, afecta aos intereses lexítimos colectivos representados por [REDACTED] impedindo coñecer as características do proxecto e facer seguimento do procedemento administrativo.

Solicita que se adopten as medidas sancionadoras e disciplinarias que se prevé na normativa básica en materia de transparencia e bo goberno sobre aqueles funcionarios que teñan competencias na resolución de solicitudes en materia de acceso e información pública relativas á Consellería de Economía, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, e que teñan demostrado un incumprimento reiterado das súas obrigas.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI da representante e asinada con certificado dixital de representante.

**Segundo.** Con data do 14 de abril de 2021, déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de abril de 2021.

**Terceiro.** Con data do 25 de maio de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contesta a petición remitindo o informe e copia do expediente instruído.

Neste informe indícase a solicitude tivo entrada con data do 11 de outubro de 2020 e con data do 29 de decembro enviouse requirimento a [REDACTED] para que acreditase o pagamento da taxa correspondente á expedición de copias, que presentou con data do 4 de xaneiro de 2021.

Con data do 2 de febreiro de 2021, déuselle traslado da solicitude ao titular do parque por se a información solicitada puidese afectar aos seus dereitos ou intereses, de conformidade co

artigo 19.3 da Lei 19/2013- O titular contestou con data do 25 de febreiro indicando que non se opoñía ao solicitado por [REDACTED]

Con data do 21 de maio de 2021 ditouse resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais concedendo acceso á entidade solicitante, que foi posta a disposición o 24 de maio de 2021.

A Consellería informa que se están a producir múltiples solicitudes de acceso á información a expedientes completos de parques eólicos, moitos deles nunha fase moi incipiente da súa tramitación, e nas que hai que ter en conta que non todas as solicitudes son admitidas, e as que continúan a tramitación van ser sometidas en todo caso a información pública.

A intención da Dirección Xeral é atender todas as solicitudes cursadas en tempo e forma, as múltiples solicitudes cursadas e a enorme carga de traballo derivada do aumento de solicitudes, fan moi difícil poder cumprir cos prazos sen desatender o resto de competencias deste departamento. A petición de expedientes completos conleva un traballo adicional de recompilación, busca e tratamento da información, e se ben podería optarse nestes casos pola vía da inadmisión de acordo co artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, pero estase a optar por resolver de maneira expresa o acceso.

No caso concreto da información solicitada, o proxecto esta en fase incipiente da tramitación, polo que a única información que se pode considerar estritamente como ambiental, é o documento de inicio elaborado polo promotor para solicitar que o órgano ambiental elabore o documento de alcance no que se fixará o contido que deberá ter o estudo de impacto ambiental. O resto de información que consta no expediente pode considerarse que non ten carácter ambiental e polo tanto estará sometido ao réxime xeral de acceso.

Pode dicirse, pois, que a solicitude formulada por [REDACTED] encerraba varias solicitudes de acceso á información ás que se lles aplicou un marco legislativo diferente, dependendo do tipo de información que contiña cada un dos documentos existentes no expediente ao que se pretendía acceder.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa

disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A asociación interesada non recibiu a resolución sobre a súa solicitude de acceso á información transcorrido o prazo establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que, aínda tendo en conta as circunstancias que se fan constar no informe da Consellería, a resolución ditouse unha vez interposta a reclamación ante esta Comisión, polo que, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A asociación interesada solicitou o acceso a un expediente dun parque eólico, no que, agás a información que poden ter carácter ambiental (documento de inicio a través do que se fixará o contido do estudo de impacto ambiental), debemos entender que se trata dun acceso a un expediente administrativo que constitúe información pública e que se debe rexer pola normativa de Transparencia.

A Consellería, dado que a información solicitada podía afectar a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados, de conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, abriu un trámite de audiencia para que puidesen realizar as alegacións que estimasen oportunas informando á entidade solicitante desta circunstancia e da suspensión do prazo para ditar resolución, tramite que é conforme co establecido na normativa de Transparencia. O dito trámite, debe considerarse esencial, por canto a súa falla, podería determinar que se producise a efectiva indefensión do afectado.

Aínda descontando o prazo no que se desenvolveu a audiencia, a Dirección Xeral non resolveu en prazo, xustificando o mesmo na cantidade de solicitudes de acceso á información, no importante número de expedientes en materia eólica e na laboriosidade de recompilar a información solicitada.

Estas circunstancias, se ben son entendibles, non xustifican o retraso na resolución, debendo a Dirección Xeral nestes supostos, e sempre que así estea xustificado en cada caso, ditar resolución de ampliación do prazo para resolver de acordo co disposto no artigo 20.1 da Lei 19/2013. A dita ampliación, ten como finalidade facer posible a recompilación da información ou a documentación requirida para poñela a disposición do solicitante; polo que está xustificada naqueles casos nos que é necesario realizar labores reais para identificar os informes onde pode estar arquivado o expediente ou nas propias bases de datos, porque afecta a un número moi importante de documentos e ten que realizarse unha procura dos mesmos que excede do tempo dun mes ou porque a entrega de documentos require de procesos de escaneo e anonimización importantes.

Segundo consta na documentación enviada, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais procedeu a remitir á Asociación interesada a información solicitada, polo que procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de obtención de copia da documentación relativa ao expediente do proxecto eólico "Pena do Pico".

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2021.07.02 12:52:15 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**